

**TUCHO CALVO**  
ESCRITOR, EDITOR E XORNALISTA

## «AO CABO DE TRINTA ANOS TEÑO AS MESMAS TEIMAS NA CABEZA»

Tucho Calvo (La Guaira-Venezuela, 1954) habita nas fronteiras da literatura e o xornalismo. Narrador de longa traxectoria, redactor xefe de Cultura de La Voz de Galicia e editor do selo Biblos, é autor dalgunhas das iniciativas máis novidasas dos últimos anos nas letras galegas, como a novela por entregas *O xabarl branco*, que con ilustracións de Miguelanxo Prado viu a luz no 2000 nestas páxinas.

—Comezamos polo final, falando da reedición de «Corazón entre desertos».

—A edición que publicamos agora en Biblos recolle os textos revisados de *Corazón entre desertos* que lanzou Ir Indo no 2002 e engádelle algúns relatos dun libro, xa hai moito tempo esgotado, que editara O Castro: *Astra o confin*. Son uns vinte relatos de temas e localizacións, tanto espaciais como temporais, moi diversas. Pero o certo é que, co paso do tempo, cando xa hai logo trinta anos de que publiquei a primeira novela, acabo atopando liñas de continuidade que non busquei, que apareceron sen ser moi consciente de que estaban aí, pero que resultan ao cabo reveladoras de certas teimas que manteño na miña cabeza. Cuestións como a dificultade de romper a incomunicación do ser humano, a súa fragilidade, a felicidade atopada nas pequenas cousas, a importancia da relación persoal e directa, e logo xa, a emigración, que é un tema que está moi presente.

—Quizais, co paso do tempo, haxa máis insistencia nos temas que nas técnicas, ¿non?


—Si, probablemente. As técnicas son en cada caso o que che pide o relato, buscando a mellor maneira de expresar cada tema. Eu creo que a técnica ten que estar moi en función do argumento.

—Falabamos da emigración. Vostede mesmo é un fillo da emigración que volveu a Galicia a bordo do famoso «Santa María», que un tempo antes fora secuestrado por Galbao e Sotomayor.

—Volvín a Vigo no *Santa María*, na viaxe seguinte a secuestrárenos os membros dun comando dirixido por Galbao e o comandante Sotomayor, que era galego, e ao que tiven ocasión de entrevistarse en Venezuela anos despois.

—A emigración é o gran tema da literatura galega, quizais fáltalle esa gran novela. Aínda que o certo é que sempre estamos a darlle voltas ao mesmo.

—Sempre estamos co mesmo, con que falta a gran novela, pero a gran novela ás veces é unha obra de poucas páxinas, na que



Tucho Calvo asegura que xornalismo e literatura compaxináanse ben

**«Eu volví de Venezuela a Vigo no 'Santa María', na viaxe seguinte ao secuestro de Galbao e do comandante Sotomayor»**

a xente ve reflectidos aqueles sentimentos básicos que asocia á emigración. Ás veces non fai falla un tocho tremendo, senón acertar co que realmente resume ou condensa a palabra emigración e todo o que conleva.

—En vostede conviven as facetas de escritor, editor e xornalista. ¿Como se compaxina todo iso?

—Pois moi ben. O xornalismo e a literatura fano porque poucas veces compiten entre si e poden complementarse en ocasións de xeito moi positivo. E o de editor é un traballo moi bonito que ten só unha parte dura, a que corresponde ao momento de dicirlle a alguén que non lle vas publicar a súa obra. Pero eu sempre deixo

**«Creo que na literatura infantil hai hoxe en día unha excesiva preocupación por ser politicamente correcto»**

moi claro que é que a min non me gusta, non que non sexa boa, porque exemplos sobrados ten a historia da literatura de editores que non publicaron xoias da literatura universal.

—Diso hai moita anécdota.

—Hainas a mares.

—A incomunicación, da que falabamos, é unha curiosa teima nun profesional da comunicación.

—Pero o paradoxo enténdese ben, porque os xornalistas sabemos o que custa chegar á xente. Hai que partir de que emites unha mensaxe e que o receptor, no caso do xornal, é un universo tan amplo e tan diverso que so podes facerte entender polo conxunto cunha linguaxe sinxela, clara e directa.

Cando fas literatura é algo diferente porque non tes esa obriga de dirixirte a todos. Con todo, o ideal para min é crear obras que teñan moi diversos niveis de interpretación, que permitan que se incorpore todo o mundo á súa lectura. Se se consegue, é maravilloso.

—¿E que prefire ler un escritor que tamén é editor?

—Eu leo moito, pero son incapaz de citar unha soa obra que diga: é esta. Porque en cada momento é unha diferente. Son lector de todo, sen grandes preferencias. E supoño que, por algo que nos vai pasando a todos, a medida que sumo anos voume decantando máis polo ensaio e as lecturas que me achegan á comprensión da realidade que pola ficción. Ser editor e outras actividades que me fixeron ler demasiados orixinais xustifican tamén certa saturación das novelas.

—¿E se tivese que escoller só un libro?

—Non podería. Hai infinidade deles imprescindibles. E un exemplo clásico, con moitos niveis de lectura, é o *Quijote*, apto para todas as idades desde os dez ou doce anos. Ademais, penso que as dificultades que poidan atoparse no idioma polos seus rasgos arcaizantes, no caso dos galegos desaparecen. Resulta máis accesible para un neno galegofalante que para un que fale só castelán. É un exemplo da gran importancia de saber idiomas. Atopas moitas palabras que se sabes galego e castelán valas entender moito mellor que se só sabes castelán actual.

—Tamén fixo algunha incursión na literatura infantil, que é unha das grandes xoias da literatura galega. Niso si que somos unha potencia.

—Si, pero non por min [risos]. Non sei se é un pouco atrevido dicilo, pero penso que na literatura infantil hai extraordinarias xoias, máis tamén unha cantidade demasiado elevada de libros que me parecen horrosos para os nenos. Existen grandes creacións, orixinais no texto, nas ilustracións e no formato, pero creo que hai tamén unha excesiva preocupación polo politicamente correcto, ata o punto que ás veces se fan obras cheas de mensaxes de adultos. O libro infantil debe ser unha porta aberta á imaxinación, ao xogo, á maxia... que desterra a palabra imposible. E tampouco é necesario agacharlles os problemas: en primeiro lugar, porque teñen que ir preparándose para afrontalos na vida; e, segundo, porque poden adaptalos perfectamente ao seu mundo.